



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA
DO CONSELLO SOCIAL DO 03.03.2022**

LUGAR: Sala I do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 03.03.2022

HORA DE COMEZO: 12:45 h.

HORA DE REMATE: 14:00 h.

LISTA DE ASISTENTES

Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

Souto García, Raquel María

Martín Moreno, José María

Fernández Zunzunegui, Emilio

Graña Nogueiras, Jesús

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)

DESCULPAN ASISTENCIA

Macho Senra, Antonio

Sánchez Gándara, Rosa María



O xoves, día 3 de marzo de 2022, ás 12:45 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da ordedo día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (20.12.2021).
2. Informe do presidente.
3. Informe do vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado sobre as medidas previstas para afrontar a previsión de xubilacións e o rexuvenecemento do persoal da Universidade de Vigo. Impacto económico.
4. Liquidación do orzamento da Universidade de Vigo correspondente a 2021, consonte Real-Decreto Lei 14/2012.
5. Control e seguimento da aplicación do Regulamento de xestión do patrimonio da UVigo. Informe que proceda sobre as doazóns menores e correntes.
6. Control e seguimento da aplicación da Normativa de xestión de espazos universitarios. Informe que proceda sobre as despensas de pago concedidas pola Xerencia.
7. Informe de seguimento, aplicación e aproveitamento das recomendacións da auditoría operativa sobre "Análise da relación entre as spin-off e a UVigo, para buscar ferramentas que melloren a medio prazo a posición das spin-off no mercado".
8. Aprobación, se procede, dos prezos dos complexos residenciais da Universidade de Vigo para o curso 2022/2023, consonte acordo do Consello de Goberno.
9. Informe sobre os convenios asinados pola UVigo en xaneiro de 2022.
10. Rogos e preguntas.

Agradece Juan Manuel Vieites a asistencia, e especialmente a amabilidade dos membros ante o cambio de data da reunión, estando inicialmente convocada para o día anterior, por un imprevisto ineludible na súa axenda, polo que pide desculpas e reitera o seu agradecemento. Asisten como invitados o director de Administración, Rodrigo Cerviño, e o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, Manuel Ramos, convocados pola presidencia para informar á Comisión.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (20.12.2021).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do Presidente.

Anuncia Juan Manuel Vieites que principia esta nova etapa como presidente da Comisión coa pretensión de que as reunión sexan áxiles, pero sen renunciar á profundidade e ao rigor debido aos asuntos da súa competencia. Neste senso adianta a intención de incorporar e abordar informes que axuden a coñecer mellor a actividade universitaria e favorezan a calidade e as prestacións da institución universitaria, a maiores de exercitar un xeito positivo de control e visibilidade ante as demandas e as sensibilidades sociais respecto da educación superior.

Pon como exemplo o informe que se achega no punto 3 para que o vicerreitor Manuel Ramos explique as medidas e reflexións que está a facer o equipo de goberno da UVigo diante dun problema -que cualifica de "transcendente"- como é o das masivas xubilacións de profesores previstas nun corto horizonte e a súa substitución e rexuvenecemento do PDI. "Debemos saber como se está abordando, e que se está a facer da mellor maneira posible", afirma.



Cualifica tamén como asunto importante o recollido no punto 4, respecto do que salienta a conveniencia de ter acceso e dar traslado ao Pleno, do documento firmado que acredite que o remanente do exercicio correspondente a 2021 é positivo. Neste senso subliña que nos últimos anos a Comisión dispuña dun avance de auditoría que nesta ocasión non se puido facer polo retraso co que o Servizo competente está a tramitar o expediente de contratación do novo equipo auditor.

Sobre outros puntos explica que teñen tamén relevancia porque amosan o seguimento do Consello Social a asuntos sobre os que solicita información periódica, e que revelan o proceder e as relacións da institución universitaria co entorno.

PUNTO 3

Informe do vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado sobre as medidas previstas para afrontar a previsión de xubilacións e o rexuvenecemento do persoal da Universidade de Vigo. Impacto económico.

O presidente agradece ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, Manuel Ramos, a presenza e o traballo elaborado para presentar nesta sesión, non só por abordar unha cuestión transcendente para o futuro inmediato da formación e da investigación na UVigo, senón tamén polo impacto económico que pode comportar para as súas contas. Deixa constancia, como recolle a documentación remitida, de que en oito anos abandonará a vida laboral e a universidade o 60% do persoal fixo, o que require tomar medidas e crear novas figuras de contratación para incorporar como docentes a persoal en formación e garantir a substitución do persoal. Actualmente a universidade ronda os tres mil traballadores, dos que 1.487 son PDI, e apenas dous de cada dez están por baixo dos 40 anos. A institución naceu nos 90 e case a metade do persoal actual incorporouse entón, "agora todos eses docentes achéganse aos 60 anos e en menos dunha década retiraranse todos xuntos, polo que as xubilacións serán masivas".

Mediante gráficas, Manuel Ramos traza un percorrido polos principais indicadores da situación, con datos a 31 de decembro de 2021, entre outros: análise global e evolutivo do cadro de PDI, volume de docencia na UVigo (máis de 1.500 horas diarias de docencia presencial) e rexistro de profesorado por categorías, porcentaxe de profesores por tramos de idade (máis do 70% supera os 50 anos), evolución das baixas por distintas causas, ou proxección de xubilacións 2019-2037.

Aborda tamén a Política global de planificación dos cadros de PDI en torno a eixos: promoción, estabilización, novas prazas, recuperación de dereitos do PDI e política de programas de investigadores, e desenvolve cada unha delas con gráficas de situación e proxeccións a medio prazo.

No plano económico, sitúa o gasto en persoal en 2021 (en Masa Salarial) e a dispoñibilidade estimada para facer "política de persoal" e o total do gasto previsto e a evolución da masa salarial. Remata dando referencia das ferramentas precisas para a análise e planificación para definir as políticas axeitadas, e que se están a implementar.

Con todo, Manuel Ramos apunta que a situación afecta ao profesorado permanente porque o asociado vaise renovando, e que a idade media do PDI está a reverter a curva e empeza a baixar. Por último afirma que a renovación do persoal é viable economicamente, e incluso favorable para a UVigo atendendo aos custos.

Os presentes participan nunha rolda de opinión, valoracións, consultas e reflexións sobre o informe presentado, e conveñen na importancia do documento e das aportacións que contén, polo que se traslada ao vicerreitor o agradecemento xeneralizado da Comisión. Por indicación do presidente, acórdase dar traslado do estudo ao Pleno.

- ***A Comisión dáse por informada.***



PUNTO 4

Liquidación do orzamento da Universidade de Vigo correspondente a 2021, consonte Real-Decreto Lei 14/2012.

Lembra o vicerreitor de Economía, José María Martín Moreno, a obriga de confeccionar a liquidación do orzamento da UVigo antes do primeiro de marzo do exercicio seguinte, debendo intervir o Consello Social no caso de que o remanente de tesourería fose negativo. Durante a súa exposición amosa unha serie de gráficas sobre as que explica a situación e as operacións tanto levadas a cabo como pendentes, e as cifras do peche que "manteñen a senda de superávit" e confirman que os gastos da UVigo "seguen baixo control". Resume que a UVigo presenta un resultado orzamentario axustado positivo de 3.682.498 €, e que así mesmo o remanente de Tesouraría ao peche do exercicio 2021 é positivo e acada a cifra de 5.962.208 €.

Jesús Graña Reitera a importancia do documento asinado que acredite a situación e o cumprimento das normas, ao que o vicerreitor de Economía resposta que se ten por feito.

- ***Infórmase favorablemente.***

PUNTOS 5 e 6

Control e seguimento da aplicación do Regulamento de xestión do patrimonio da Uvigo. Informe que proceda sobre as doazóns menores e correntes.

Control e seguimento da aplicación da Normativa de xestión de espazos universitarios. Informe que proceda sobre as dispensas de pago concedidas pola Xerencia

Informa o secretario de que estes dous puntos tráense á reunión por canto o Consello Social debe ser informado periodicamente, por unha parte, das doazóns menores rexistradas consonte o Regulamento para a xestión do patrimonio da UVigo, a maiores das competencias de aprobación por calquera título sobre bens inmoables de extraordinario valor, que exceda o 2% do orzamento anual da universidade; e por outra, debe ser informado tamén das dispensas de pago que acorde a Xerencia pola cesión de espazos universitarios, consonte a Normativa presentada no Pleno de 29 de xuño de 2017. Sobre ambas cuestión informa a xerente, Raquel Souto, por unha banda da cesión gratuita de equipos de Alfonso Fernández ao grupo COM da UVigo, da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, único caso rexistrado dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2021, e que foi aprobado polo Consello Social no seu momento. E no segundo caso explica a documentación que se achega, na que constan doce dispensas concedidas ao longo do exercicio. Intervén Jesús Graña para reflexionar sobre a conveniencia de que os beneficiarios dispoñan de seguros de responsabilidade.

- ***A Comisión dáse por informada.***

PUNTO 7

Informe de seguimento, aplicación e aproveitamento das recomendacións da auditoría operativa sobre "Análise da relación entre as spin-off e a UVigo, para buscar ferramentas que melloren a medio prazo a posición das spin-off no mercado.

Introduce este punto o secretario, Ignacio Rodríguez para dar traslado da resposta da responsable da Oficina técnica de I+D da UVigo, na que agradece o interese do Consello Social e sinala que non tivo ocasión de validar o aproveitamento, dado que en 2021 non se creou ningunha spin-off na universidade. Na mesma carta, remitida ao Consello Social, comprométese a informar tan pronto se produza algunha novidade e se dean as circunstancias requiridas.

- ***A Comisión dáse por informada.***



PUNTO 8

Aprobación, se procede, dos prezos dos complexos residenciais da Universidade de Vigo para o curso 2022/2023, consonte acordo do Consello de Goberno.

Comenta o secretario as competencias do Consello Social neste eido e a proposta que se achega ao Consello de Goberno e ao Consello Social, e a proposta de prezos para o curso 2022/23, no que se seguirá sen cobrar a matrícula.

- ***A Comisión informa favorablemente.***

PUNTO 9

Informe sobre os convenios asinados pola UVigo en xaneiro de 2022.

- ***A Comisión dáse por informada.***

PUNTO 10

Rogos e preguntas

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:00 horas do 3 de marzo de 2022, da que eu como secretario dou fe, co visto e praxe do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,

O secretario,

Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa

Ignacio Rodríguez Iglesias